



**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A
REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO
ESTUDANTADO DA UDC.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario xeral técnico da Consellería de política social, **DECLARA:**

Que esta consellería ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 19 de decembro de 2017 ata o 18 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de política Social e a Universidade da Coruña para a realización das prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares nos centros, órganos e/ou unidades da consellería.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, ponse unha especial énfase na realización de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación





teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional, constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 10 de xaneiro de 2017.

